

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Familias con Membros e Rapazada Xordos ou con Discapacidade Auditiva (ANPANXOGA)

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería).

Da outra, Dona **ISOLINA PIÑEIRO ROLDÁN**, con DNI 76.579.663-J, en calidade de presidenta da Asociación Galega de Familias con Membros e Rapazada Xordos ou con Discapacidade Auditiva ANPANXOGA (en diante ANPANXOGA), elixida para este cargo na asemblea do 14 de decembro de 2021, con CIF G-36462364 e domicilio social na rúa Pla y Cancela nº 35, Baixo, 15005 A Coruña; inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co nº 2004/7244-1º, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 26 de abril de 2004.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado xordo e con discapacidade auditiva.

3. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, refire no seu artigo 4.3 que "Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico se garanta unha educación común para todo o alumnado, adoptárase a educación inclusiva como principio fundamental, co fin de atender á diversidade das necesidades de todo o alumnado, tanto do que ten especiais dificultades de aprendizaxe como do que ten maior capacidade e motivación para aprender. Cando tal diversidade requírao, adoptáranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente lei, conforme aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, garantindo en todo caso os dereitos da infancia e facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira".



4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado" e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que ANPANXOGA é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, constituída por pais e nais e demais persoas sensibilizadas coas persoas xordas ou con discapacidade auditiva no 2004 para a súa integración na sociedade en igualdade de condicións que o resto de nenas e nenos da súa idade.

6. Que ANPANXOGA ten como misión primordial, tal e como se explicita no artigo 2 dos seus Estatutos, "prestar servizos e apoios pra conseguir que cada persoa con discapacidade auditiva se integre na sociedade en igualdade de condicións que o resto".

7. Que ANPANXOGA é unha entidade que ten entre as súas principais finalidades (tal e como se explicita no artigo 2 dos seus Estatutos) os seguintes:

a) Facilitar a cooperación entre as familias con membros xordos ou con discapacidade auditiva.

b) Promover e impulsar as actividades e os medios técnicos que contribúan ao progreso formativo e ao desenvolvemento das familias con membros xordos ou con discapacidade auditiva.

c) Promover e impulsar actividades de calquera índole dirixidas a mocidade con discapacidade auditiva. Para esa fin, a Asociación contará cunha Comisión da



mocidade xorda coa que poder realizar proxectos con este obxectivo.

d) Actuar como entidade interlocutora do colectivo de persoas asociadas perante os organismos públicos e privados que teñan relación co feito diferencial dos nenos e nenas con discapacidade auditiva, tanto no aspecto formativo coma social, cultural e laboral.

e) Realizar e promover actividades dirixidas aos nenos e nenas con discapacidade auditiva e ás súas familias.

f) Impulsar, promover e realizar o estudo da situación específica da discapacidade auditiva na infancia, así coma das axudas necesarias para a súa formación e desenvolvemento.

g) Impulsar o desenvolvemento da Lingua de Signos e da educación bilingüe Lingua de Signos/Lingua Oral para o alumnado xordo ou con discapacidade auditiva.

h) Velar polo cumprimento da Lei 10/2014 de accesibilidade no que se refire a supresión de barreiras na información e na comunicación con que se atopan diariamente as persoas xordas ou con discapacidade auditiva.

i) Dar apoio, asistencia e participación aos membros da Asociación en todo aquilo que faga referencia aos nenos e nenas xordos/as ou con discapacidade auditiva.

j) Manter contacto e relación con outras asociacións, federacións e entidades, tanto nacionais coma internacionais, con obxectivos semellantes ou complementarios, así coma con persoas xordas e con profesionais neste eido.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir "apoios ou provisións educativas diferentes ás



ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado xordo e con discapacidade auditiva.

En consecuencia, a Consellería e ANPANXOGA acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e ANPANXOGA nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado xordo e con discapacidade auditiva.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán directamente o alumnado de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como o profesorado, o persoal dos servizos complementarios, os/as orientadores/as, e as familias ou representantes legais dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades



formativas, a colaboración de ANPANXOGA nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado xordo e con discapacidade auditiva.

2. A Consellería e ANPANXOGA colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas as persoas xordas e con á discapacidade auditiva.

3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de ANPANXOGA nos centros docentes dependentes da Consellería con escolarización de alumnado xordo ou con discapacidade auditiva.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de ANPANXOGA debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado xordo ou con discapacidade auditiva escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado xordo ou con discapacidade auditiva.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado xordo ou con discapacidade auditiva.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado xordo ou con discapacidade auditiva.

Cuarta. *Características da colaboración do persoal da Asociación Galega de Familias con Membros e Rapazada Xordos ou con Discapacidade Auditiva (ANPANXOGA) nos centros docentes*



1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de ANPANXOGA e as familias do alumnado xordo ou con discapacidade auditiva, establecerán de mutuo acordo e por escrito, seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas de ANPANXOGA en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de ANPANXOGA nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado xordo ou con discapacidade auditiva; ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia; ter regularizada a súa situación laboral con ANPANXOGA e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal da Asociación Galega de Familias con



Membros e Rapazada Xordos ou con Discapacidade Auditiva (ANPANXOGA) e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. *Comisión de seguimento*

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. *Natureza e réxime xurídico*



Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Décima. *Transparencia*

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia



e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. *Resolución*

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2025-2026, isto é o día 31 de agosto de 2026, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscrición do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal de catro anos.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a



relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asíñase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES,

O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE
FAMILIAS CON MEMBROS E RAPAZADA
XORDOS OU CON DISCAPACIDADE
AUDITIVA (ANPANXOGA),

A PRESIDENTA,

Isolina Piñeiro Roldán

